



Estimado/a amigo/a,

Non lle contamos nada novo se lle dicimos que as nosas cidades se atopan hoxe en día nun punto crítico, do cal depende o seu futuro e dos seus habitantes. A crise económica que afecta de forma especial ós nosos países, está repercutindo con dureza nas nosas cidades e nos nosos concellos, que se ven obrigados a dar resposta a un número cada vez maior de demandas sociais, algunas de 1ª necesidade, con cada vez menos recursos económicos. As condicións que nos veñen impostas desde fora do país apenas deixan marxe para xestionar as nosas cidades e preparalas para ser competitivas e saír da crise.

Fronte a isto, as cidades que integramos o Eixo Atlántico nunca fomos partidarias da queixa e o lamento, senón de responder á crise con posicións proactivas e con entusiasmo, identificando as estratexias más adecuadas para dar resposta ós nosos cidadáns e atopar entre todos a saída da crise. É por iso que o municipio de Viana do Castelo e o Eixo Atlántico, asociación tranfronteiriza de 34 cidades do Norte de Portugal e de Galicia, organizan conjuntamente a primeira edición do Foro Pensar a Cidade do Século XXI baixo o título "Gobernanza e Xestión das Cidades á luz da Estratexia EU 2020".

Sendo conscientes do interese desta temática, queremos convidalo/a a asistir a este Foro, que se realizará en Viana do Castelo o día 23 de marzo do presente ano e cuxo programa segue en anexo.

Sen outro particular e na confianza de poder contar coa súa presenza, reciba un cordial saúdo.

Viana do Castelo/Vigo, 20 de febreiro de 2012

José María Costa  
Presidente da C. M. de Viana do Castelo

Xoán Vázquez Mao  
Secretario Xeral do Eixo Atlántico